



ACTA Nº 2020/4
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 17 DE XUÑO DE 2020

ACTA Nº 2020/4

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
MÉRCORES 17 DE XUÑO DE 2020 -



ACTA Nº 2020/4

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ.

ASISTEN:

BNG
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE.
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE.
MARTA GARCÍA SÁNCHEZ.

PP

JOSÉ DAVID PINTOR PAZO
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JOSÉ EMILIO MAHÍA NEIRA
JESÚS GÓMEZ GARCÍA
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS

AUSENCIAS:

NON SE APRECIAN AUSENCIAS

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O MÉRCORES 17 DE XUÑO DE 2020

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 11:25 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Análise e discusión das medidas tomadas polo goberno municipal para facer fronte á pandemia polo que solicitamos que se poña á nosa disposición tódolos decretos da Alcaldía que se tomaron neste periodo, as actas da Xunta de Goberno Local e unha relación de tódolos contratos menores realizados ou calquera tipo de gasto relacionados con este tempo do estado de alarma.
2. Análise e discusión do estudo de impacto ambiental do Parque Eólico Abrente neste momento en exposición pública.
3. Acordo de ratificación de decreto 79/2020, de 28 de maio, corrixido pola dilixencia de corrección de erros de data 5 de xuño de 2020.
4. Acordo de ratificación de decreto 80/2020, de 28 de maio.



1.- Análise e discusión das medidas tomadas polo goberno municipal para facer fronte á pandemia polo que solicitamos que se poña á nosa disposición tódolos decretos da Alcaldía que se tomaron neste periodo, as actas da Xunta de Goberno Local e unha relación de tódolos contratos menores realizados ou calquera tipo de gasto relacionados con este tempo do estado de alarma:

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, amosa o malestar do seu grupo pola falta de información das actuacións realizadas por parte do Concello durante a vixencia do estado de alarma.

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, asegura que non era preciso reunirse coa oposición e que se suministróu información a través da páxina web municipal e dos taboleiros de anuncios deste Concello.

A continuación, resume o conxunto de actuacións tomadas en todo este periodo e reflicte tamén as carencias das realizadas pola Deputación Provincial da Coruña.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, contesta, en relación ás referencias á Deputación Provincial da Coruña e fai constar que o Bloque Nacionalista Galego só solicita información e non entra a valorar. Opina que a páxina web do Concello debería mellorar na presentación da información. Así mesmo, comenta que o concello de Vilasantar non recibiu ningunha axuda por parte da Xunta de Galicia, a diferenza das actuacións realizadas pola Deputación Provincial da Coruña.

A continuación pasa a comentar punto por punto os acordos solicitados no seu escrito con número de rexistro de entrada 2020999000041, de data 29 de maio de 2020.

Estes temas son debatidos e comentados polo Alcalde pero non se votan, pois o que se quería por parte do grupo do BNG era ter información

2.- Análise e discusión do estudo de impacto ambiental do Parque Eólico Abrente neste momento en exposición pública:

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, amosa a súa preocupación pola cercanía dos muíños eólicos que se proxectan no proxecto de parque eólico Abrente.

Así mesmo, solicita o acordo plenario da derogación do Plan Eólico Autonómico.

A respecto do proxecto de parque eólico Abrente, solicita que se expliquen as actuacións realizadas polo Concello.

A continuación, o Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, relata os antecedentes e medidas tomadas ó respecto, destacando a solicitude de informe técnico á Universidade de Vigo.



O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, manifesta que haberá un grande impacto na economía e no medioambiente da zona. Cre que ese informe técnico solicitado pola Alcaldía debería ter sido solicitado polo Pleno.

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que se amosa contrario ó documento de inicio do parque en base a un informe obxectivo e que no futuro, se procede, o Concello tentará que se rebirta na cidadanía de Vilasantar parte dos beneficios do parque.

Despois deste debate, transacciónanse as propostas de resolución presentadas polo grupo municipal do BNG no seu escrito con número de rexistro de entrada 2020999000041, de data 29 de maio de 2020, quedando redactadas como segue:

- a) Acordar manifestar a nosa oposición ó estudo de impacto ambiental ordinario do Parque Eólico Abrente en base ó informe solicitado por este Concello.

Esta proposta de resolución é aprobada por unanimidade dos presentes.

- b) Solicitar da Xunta de Galicia a derogación do Plan Eólico de Galicia en vigor, resulta obsoleto ó non ter en conta a actual situación socioeconómica dos Concellos afectados nin da tecnoloxía eólica que se está a empregar, en particular as dimensións, potencia, etc. dos novos aerogeradores.

Esta proposta non foi aprobada, con tres votos a favor (concelleiros do BNG) e 6 votos en contra (concelleiros do PP) e ningunha abstención.

A continuación débátese a inclusión de dous novos puntos na orde do día, sendo esta proposta da Alcaldía aceptada polo solicitants desta sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

3.- Acordo de ratificación de decreto 79/2020, de 28 de maio, corrixido pola dilixencia de corrección de erros de data 5 de xuño de 2020.

Sométese á aprobación do Pleno o seguinte acordo de ratificación de decreto 79/2020, de 28 de maio, corrixido pola dilixencia de corrección de erros de data 5 de xuño de 2020, o cal se transcribe a continuación:

“Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo xoves 28 de maio de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: Decreto de solicitude do POS+ 2020 AD 1/2020 Financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID 19.

EXPEDIENTE TEDEC: 2020/G003/000087 (Decreto).

EXPEDIENTE TEDEC: 2020/A008/000029 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na



Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a situación xerada a raíz da crise sanitaria derivada da pandemia do COVID – 19 e a súa influencia no termo municipal do Concello de Vilasantar.

Vista a aprobación da modificación das Bases Reguladoras do POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 66, de data martes 5 de maio de 2020.

Visto o informe da secretaría – intervención deste Concello sobre gastos sociais extraordinarios derivados do COVID – 19 no exercicio 2020 conforme ó modelo recollido no Anexo XVI da referida modificación das Bases Reguladoras.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: *Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local*

Segundo: *Levar á consideración do Pleno desta Corporación, para a súa rectificación se procede, o presente decreto na primeira sesión que se realice e presentar, posteriormente, a correspondente certificación do acordo plenario adoptado ante a Deputación da Coruña.*

Terceiro: *Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:*

<i>Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19.</i>	<i>24.576,91€</i>
---	-------------------



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	-	-	-
b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria	-	-	-
c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.	-	-	-
d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados	-	-	-
e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario	-	-	-



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/4
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 17 DE XUÑO DE 2020

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
<i>f) Adquisición de medios de prevención (EPI).</i>	5.000,00€	-€	5.000,00 €
<i>g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.</i>	-	-	-
<i>h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes</i>	25.000,00€	-€	25.000,00€
<i>i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.</i>	-	-	-



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
DERIVADOS DO COVID-19			(Pode ser superior ao importe solicitado)
Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	(A)	(B)	(A-B)
TOTAL	30.000,00€	-€	30.000,00€

Cuarto: *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Quinto: *Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.*

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

A ratificación deste decreto sométese a votación dos presente, sendo aprobado por unanimidade.

4.- Acordo de ratificación de decreto 80/2020, de 28 de maio.

Sométese á aprobación do Pleno o seguinte acordo de ratificación de decreto 80/2020, de 28 de maio, o cal se transcribe a continuación:

“Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo xoves 28 de maio de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: *Decreto de solicitude do POS+ 2020 AD 2/2020 [Gastos correntes e I.F.S.].*

EXPEDIENTE TEDEC: *2020/G003/000088 (Decreto).*

EXPEDIENTE TEDEC: *2020/A008/000030 (Subv.).*

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.



Vista a aprobación da modificación das Bases Reguladoras do POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 66, de data martes 5 de maio de 2020.

Visto o informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2020 conforme ó modelo recollido no Anexo IV da referida modificación das Bases Reguladoras.

Visto o proxecto de obra e a documentación anexa ó mesmo referente ó investimento denominado "Rehabilitación estrutural do firme de calzada dos camiños de acceso ós núcleos de Liñares, Fortaleza e Vento (San Vicente), cun orzamento de 72.195,00€.

Vista a declaración da Alcaldía deste Concello sobre o investimento previsto no Plan Complementario ó POS+2020.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local

Segundo: Levar á consideración do Pleno desta Corporación, para a súa rectificación se procede, o presente decreto na primeira sesión que se realice e presentar, posteriormente, a correspondente certificación do acordo plenario adoptado ante a Deputación da Coruña.

Terceiro: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	19.968,40€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Rehabilitación estrutural do firme de calzada dos camiños de acceso ós núcleos de Liñares, Fortaleza e Vento (San Vicente)	72.195,00€	0,00€	72.195,00€
TOTAL	72.195,00€	0,00€	72.195,00€

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/4
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 17 DE XUÑO DE 2020

-	-	-	-
TOTAL	-	-	-

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	19.968,40€		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	72.195,00€	0,00€	72.195,00€
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
TOTAL	92.163,40€	0,00€	72.195,00€

Cuarto: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

Sexto: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sétimo: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Oitavo: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Noveno: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Décimo: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe."



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/4
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 17 DE XUÑO DE 2020

A ratificación deste decreto sométese a votación dos presente, sendo aprobado por unanimidade.

Ás 12:58 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 2 de outubro de 2020
O secretario, Ricardo Garrido Caneda
Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández